

Para a edición deste libro contouse coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo · Vicepresidencia Primeira · Cultura e Turismo.

© Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas
© Emilio López Pérez

Edita: Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas
Avenida de Lugo, 219 · 1º
15703 · Santiago de Compostela · Galiza
Telf. 981 570 265
info@bautistaalvarez.org

Deseño e maquetación: eladino.cabanelas@esteson.eu

Elaboración da cronoloxía: Hadrián Gómez Vázquez

Revisión lingüística: Robert Neal Baxter

Depósito Legal: C 492-2012

Impreso na Galiza

© Fica expresamente prohibida a reprodución, por calquera medio, das fotografías publicadas neste libro sen o permiso das ou dos seus autores.

Arquivo fotográfico:

Alberte Sánchez - Andrés Panaro - Anxo Iglesias - Carlos Varela - Emilio López - José María Álvez - Marcelo Vidal - Pablo Viz - Rosa Veiga - Tino Viz - X. Tejero - Xan Carballa - Xan Muras - Xaquín Soliño - Xosé Castro - Xosé Marra - Xosé Manuel González - Xoselo Taboada - Xurxo Lobato - Arquivos da Unión do Povo Galego - Federación Rural Galega - Fundación Moncho Reboiras/FESGA - Arquivo da Fundación A Nosa Terra - Irmandade Moncho Valcarce.

Agradecementos:

Foi valiosa a axuda prestada por moitas persoas para os labores de documentación e asesoramento; Afonso Eiré, Alba Díaz-Geada, Bernardo Valdés, Duarte Correa, Francisco Arrizado, Gabriel Lopes, Leonardo Ferreiro, Lois Diéguez, Manuel Mera, Ramón Muñiz, Roberto Vilameá, Xan Fraga e Xoán Carlos Garrido.

Emilio López Pérez

A Terra sabe a loita

Testemuño de rebeldía labrega

Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



Cando a vida se aveciña coa batalla

Hai un capítulo neste libro que agora presentamos, **A Terra sabe a loita**, no que Emilio López Pérez, despois de narrar as loitas importantes levadas no noso agro desde 1970, di: *Durante este tempo cometéronse erros e acertos, avances e retrocesos, conquistas e concesións; mais podemos concluír unha lección: as derrotas que tivemos foron por confiar nas forzas alleas, e as vitorias por terfe en nós mesmos.*

É unha experiencia, non cabe dúbida. Unha experiencia de longos anos de batalla, fieis a unha idea e a unha nación, a unha vida consecuenta coa dignidade que un ou unha afirma na práctica diaria, en soidade ou no colectivo. Unha lección que eu non quero que soe a heroica, porque os heroes son cousa da mitoloxía, propia ou allea, achegada a nós mesmos ou traída dos textos clásicos que nos arrimaron na nosa educación cando a tivemos. O heroe, a heroína, pode estar na conciencia dos outros, pero non na propia. Cando está na propia, na persoal, mau, pois a dose de entrega ao pobo asoballado, pode non ser tan real. Iso é o que nos ofrece, en obxectividade, na dialéctica da análise, a historia. Sé consecuenta co que pensas, e cando xulgues ponte ti de primeiro

nos fallos para ver os dos demais. Se o facemos así, o autoengano, a autosatisfacción e a vaidade - males endémicos hoxe tan potenciados-, caerán polo seu propio peso.

Nas primeiras Eleccións Xerais, aló polo ano 1977, como candidatos que eramos polo BN-PG, coincidimos Emilio López e máis eu nun mitin en Guntín (Lugo). Despois de falar, unha señora do público levantouse e dixo que o que lle gustara moito era aquel rapaz baixiño, o Milucho, porque tiña as mans de labrego. E as miñas eran de señorito, finas, por iso o meu discurso non lle gustara nadiña. Aquilo fíxonos rir, e sabiamos que tiña a intención de dividirnos e deixarnos quedar mal. O franquismo estaba impoluto, representado por AP, e podía argallar sen problema as súas tácticas. Pero había unha razón poderosa no argumento da señora (que resultou ser farmacéutica): a atracción que a palabra e a paixón do Emilio López, do Milucho, tiña na xente. Facía rir, facía pensar e convencía. Dalgún xeito había que eliminalo da contenda electoral.

A palabra que convence, que consideramos a propia nosa cando sufrimos e outro que o sabe e o padece, sabe expoñela. A queixa e a solución para que se mude en sorriso e satisfacción, na felicidade breve que nos pode tocar por momentos. A obra constante faise grande cando se está convencido e se decide por axudar, axudarnos. A claridade da análise cando nos arredores se comproba a confusión. A visión dunha nación que perde cada día solucións ao conflito, iso que hoxe se deformou tanto que no canto de afondar máis no poder das alternativas de quen sofre, vaise pola tanxente para gozar dos anzós cos que aquel engaiola. O Emilio era así nos seus movementos: dinámico, nervioso, didáctico, gracioso, humorista, apaixonado, e amigo dos chistes e das parábolas, sobre todo cando se refería aos debuxos de Castelao.

O Emilio López Pérez, o Milucho para os amigos e amigas e tamén para os labregos e labregas

da nosa nación, é miúdo e de Sindrán, -unha parroquia cabo de Monforte de Lemos-, e estas dúas cousas xa pintan unha boa liñaxe (labrega, con seis irmáns). Rexo na sinxeleza física, mais coa auténtica forza dun carballo. E o de Sindrán dinos que coñece en profundidade o carácter e a historia dos homes e mulleres humildes da nosa Terra. O mesmo bota un mitin que arrinca co tractor para arar un leiro ou sae ao estrado no Parlamento de Galiza para enfrontar as cambadelas dos responsábeis máximos de que a nosa nación siga a perder xente e dereitos, idioma e identidade. Quizabes isto fose o secreto da confianza e admiración que sempre causou na xente do común, como diría o poeta Manuel María. En Madrid fíxose sociólogo, aspecto que axudou a harmonizar o estudo coa praxe, método dialéctico que o decidiu a se dedicar totalmente á loita social nuns anos en que o nacionalismo comezaba a practicar polas rúas e os campos da Galiza submetida. E sen nada pedir a cambio (sen tarxeta Visa, quero dicir). Todo o máis que conseguiu coa súa loita foi o agasallo dun burro que os da Asociación do Burro Fariñeiro lle levaron un día en agradecemento polo traballo que a favor deste animal a piques de desaparecer tiña feito como Deputado e tamén como Delegado da Consellaría de Medio Rural, e ao que, en resposta á atención, el mesmo lle puxo o nome de Milucho, exclamando, "*así, cando o vexades xa lle podedes berrar, aí vai o burro do Delegado*".

El foi alma esencial das Comisións Labregas-Sindicato Labrego Galego, e nos longos anos que botou como membro da súa dirección nacional ou como Secretario Xeral, o sindicato acadou altas cotas de incidencia e introdución social que axudaron a que a idea nacionalista ficase sementada na nosa nación, e que frutificase nas diversas etapas do Parlamento galego. Sen a loita dos anos 70, 80 e 90 tanto del como de quen o acompañou na xeira de noso non sería posíbel esa cor azul que lle

puxemos ao país e aos seus desexos. Conciencia, constancia, humildade, entrega... esas foron as armas que puxo a disposición dos demais, sen mirar, mesmo para as necesidades individuais propias, e coa axuda tamén dos dous seres máis queridos: a Mariña e o Fiz.

Desta historia persoal e colectiva nace este libro, co encanto dunha odisea que non remata. Continuación daqueles anos ou séculos da loita agraria, do XV ou do XIX, do XX ou do XXI. O noso agro personificado no sangue verquido ou na idea a sementar (os Irmandiños, os de Nebra e Sofán, o Basilio Álvarez da mesma paixón, os da Cota Empresarial da SSA ou os milleiros de vítimas desta Europa dos negros mercados...). Temos hoxe homes e mulleres que poden contar as batallas dun país aínda submetido e burlado (do século XXI, si, pero sen gozar aínda dos mínimos dereitos nacionais sen os cales nunca se poderá falar de democracia nen de progreso), de como foron e do que conseguiron, e isto é o bo desa historia. A historia sempre se ve máis real e certa se quen a conta é testemuño directo de vivila desde a batalla pola liberación do seu pobo. Ofrece mellor perspectiva e dálle color ao futuro. E neste momento de confusión e rupturas, de minifundismo multiplicado baixo a cegueira polo brillo dun poder que non o é, de admiración disimulada por un Sistema que nos nega e combate, dun europeísmo baseado en aceptar aquilo que nos destrúe, ler como se foi construindo o nacionalismo no noso agro ofrece unha lección para entender o que pasa, o que debemos facer e o que non. Canta xente hoxe na Galiza actual, mesmo de militancia ou simpatía nacionalista, sabe o que pasou nestes anos que Emilio López, o Milucho, conta aquí por telos animado?

Sen este saber somos máis débiles e ficamos desarmados. Sen coñecer estas batallas non podemos afrontar os problemas colectivos con acerto. Porque nos falan dos erros e dos

acertos, do que funcionou ben o do que complicou o camiño. Do por que este sindicato de gloriosa e intensa historia está hoxe como está, debilitado e sen a incidencia que tivo, precisamente no momento máis negro do noso agro.

Que os galegos e galegas poidan ler esta parte da biografía do Emilio López e de moitos outros e outras. Que escoiten e vexan no dvd adxunto a homes e mulleres que foron protagonistas. Que poidan proxectar as imaxes desas batallas que filmou, entre outros e outras, Carlos Varela. Que non haxa un só nacionalista que non entre na voz do noso compañeiro para entender mellor o panorama político actual. E que outros compañeiros e compañeras escriban tamén e conten o que pasou na Galiza dos últimos anos nos distintos campos da loita autoorganizada: obreiro, cultural, idiomático... social, xa que logo, completando ou aclarando o xa escrito e analizado, que na historia da Galiza aínda é moi pouco. As novas xeracións necesitan coñecer en profundidade as súas raíces e os nomes dignos que deu a súa patria.

Grazas, compañeiro, amigo, camarada, Milucho. Que sigas escribindo máis capítulos da nova historia. E quero dicirche aquí, ante o teu relato, que ti e as-os que ti representas en anos de loita e idade, en sabedoría, pois, coa humildade por bandeira, estades nos nosos corazóns e no orgullo da nosa galegitude, e como fillos amados desta Patria vos nomeamos. Na homenaxe e na consideración aínda hoxe tan coutadas cando se lle dan a quen é bo, grande e humano.

Lois Diéguez

A Coruña, febreiro de 2012

índice

- Cando a vida se aveciña coa batalla, por <i>Lois Diéguez</i>	5
- 1. A restauración do sindicalismo agrario.....	13
- 2. Alén da protesta (interlocución, representación, xestión, formación.....)	39
- 3. Entrada na “Europa” e a entrada da “Europa” en nós.....	55
- 4. A mobilización permanente para frear o desmantelamento do agro.....	71
- 5. O sistema transmite ás vacas a súa loucura.....	107
- 6. A represión do poder e o poder da represión.....	121
- 7. A industrialización da nosa produción.....	135
- 8. En carne viva.....	149
- 9. Sacar as patacas do lume.....	163
- 10. A “clandestina”.....	183
- 11. O viño das nosas orixes.....	195
- 12. Organizar unha Terra.....	209
- 13. A loita continúa: Polo dereito a producir e vivir na propia Terra.....	225
- Cronoloxía e Cartelaría.....	243
- Anexo documental.....	277